



Servizo de Accesibilidade Cognitiva

A accesibilidade cognitiva está recoñecida como un dereito universal das persoas, polo que se aplica ás persoas con e sen discapacidade.

Artigo 9 da **Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade**, aprobado na Asemblea Xeral da Organización de Nacións Unidas o 13 de decembro de 2006, ratificado e en vigor en España dende o 30 de marzo de 2007.

QUEN SOMOS.

A Federación Autismo Galicia é unha entidade privada, sen ánimo de lucro que nace no ano 1995, cuxa misión é defender e reivindicar socialmente os dereitos das persoas con trastornos do espectro do autismo e das súas familias, promovendo a igualdade de oportunidades e a colaboración entre entidades prestadoras de servizos específicos e especializados.

ACCESIBILIDADE: UN CONCEPTO MÁIS AMPLO.

A accesibilidade universal é a condición que deben cumprir contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para que sexan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e confort e da forma máis autónoma e natural posible. Cando falamos de accesibilidade universal, integramos a accesibilidade física, sensorial e cognitiva.

A accesibilidade cognitiva son os requisitos que debe cumprir a información que nos ofrece a contorna para que as persoas con dificultades de comprensión poidan comunicarse de forma óptima co mesmo.



ONDE SE DESENVOLVE O NOSO SERVIZO

Autismo Galicia contribúe a creación de contornas accesibles, desenvolvendo o noso servizo a través da rede de accesibilidade cognitiva en diferentes contextos como o educativo, sanitario e social, co obxectivo de que todas as persoas poidan acceder e facer uso dos mesmos dun xeito autónomo e independente.



A QUEN BENEFICIA?

A **TODAS AS PERSOAS**,
ESPECIALMENTE A:

- PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO (TEA).
- PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL.
- PERSOAS CON DISCAPACIDADES SENSORIAIS (AUDITIVAS, VISUAIS...).
- PERSOAS CON TRASTORNOS NA LINGUAXE.
- PERSOAS QUE NON SABEN LER.
- PERSOAS MAIORES.
- NENOS E NENAS.
- PERSOAS ESTRANXEIRAS QUE NON COÑECEN O IDIOMA.

EN QUE PODEMOS AXUDARTE?

1

AVALIACIÓN

A primeira acción será a avaliación das necesidades e barreiras cognitivas que atopamos nas contornas.

2

SINALIZACIÓN

Sinalización dos teus espazos, bens e servizos mediante pictogramas ARASAAC, que facilitan ás persoas con dificultades cognitivas e de comunicación a súa comprensión.

3

FORMACIÓN

Ofrecémoslle formación para as persoas que pola súa actividade profesional ou persoal, poidan ter relación ou trato con persoas con TEA.

4

ASESORAMENTO

Asesoramento personalizado na mellora de medidas que faciliten a accesibilidade cognitiva das persoas.

5

ELABORACIÓN DE MATERIAIS

Creación de materiais que faciliten ás persoas con TEA a comprensión de procesos, normas ou actividades.

6

RECURSOS

Elaboración de recursos en lectura fácil e publicacións.



Se queres facer os teus espazos máis accesibles, podes visitar a web **accesibilidad.autismogalicia.org** e contactar con nós: **info@autismogalicia.org**



Servizo de Accesibilidade Cognitiva

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA



autismogalicia.org

Sede social da Federación
Rúa Home Santo de Bonaival, 74 baixo

Centro de recursos
Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

Tel. +34 **981 589 365**
info@autismogalicia.org

